

**Expediente núm.:** 1180/2024

**Procedemento:** Contratación. Aberto Simplificado . Subministro

**Asunto:** SUBSTITUCIÓN DE XERADORES DE COMBUSTIBLE FÓSIL POR SISTEMAS DE AEROTERMIA PARA A XERACIÓN DE AQS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS "CANDÁN" E " SALGUEIRÓN".

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### 1. Obxecto do contrato

Substitución dos xeradores de combustibles fósiles existentes por sistemas de aerotermia para a produción de auga quente sanitaria (ACS) (substitución de caldeiras baseadas en combustibles fósiles por outras alimentadas con enerxías renovables) para infraestruturas destinadas a actividades deportivas, máis especificamente nos campos de fútbol de Candán (Soutomaior) e Salgueirón (Arcade). A actuación proxectada queda xustificada por mellora ambiental tanto no que respecta a a mellora na eficiencia enerxética e redución de emisións directas de CO2 asociadas á instalación de produción de ACS, como no que respecta a a mellora na eficiencia hídrica, capacidade de control e monitorización de consumos.

Para o dimensionamento da instalación, analízase a demanda diaria de ACS, considerando o código técnico de edificación actual CTE-HEI4, para establecer o dimensionamento correcto da instalación.

CANTIDADE	DESCRICIÓN	PREZO	TOTAL
1	Vestiaros campo de fútbol municipal de Candán	15.139,39	15.139,39
1	Vestiaros sur campo de fútbol municipal de Salgueirón	13.516,86	13.516,86
1	Vestiaros este campo de fútbol municipal de Salgueirón	13.065,62	13.065,62
<b>PEM</b>			<b>41.721,87</b>
<b>IVE</b>			<b>8.761,59</b>
<b>TOTAL</b>			<b>50.483,46</b>

### 2. Modalidade de contrato e procedemento de contratación

Este contrato ten a consideración de contrato administrativo de subministro de conformidade co disposto nos arts. 16 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público. O procedemento de adxudicación será o



procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 LCSP.

### **3. Xustificación da actuación**

De conformidade co disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local: *O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

***1) promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación de tempo de lecer.***

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

